

Bases #EnredandoCoGalego

A verdade é que, aínda que xa pasaron varias semanas desde que empezou Enredando co galego, eu aínda non fixen ningunha publicación. Vou ser sincero: dame vergoña. Vexo a outros compañeiros subindo algunha cousa en galego, pero e que e eu penso: e se o fago mal? E se soa raro? E se alguén se ri de min?. E ao final sempre o acabo deixando para outro día.

Pero iso non quere dicir que non fixese nada. A verdade, aínda que non o compartise nas redes, si que fun practicando. Falei algo máis en galego na casa, sobre todo coa miña avoa, e tamén algún día me animei a pedirlle algo en galego á algunha profe ou á cafetería. Para min iso xa é bastante, porque antes nin o intentaba.

Creo que o que máis me para é que facer unha publicación parece como facelo público, como se todo o mundo puidese opinar. E iso dáme un pouco de corte. Non é o mesmo falar en galego un momento nunha conversa que gravar un vídeo ou escribir algo que queda aí para todos.

De todos modos, nestas últimas semanas notei que cada vez me sinto un pouquiño máis seguro coa lingua. Non falo perfecto, pero tampouco me bloqueo tanto como antes. Igual aínda non estou preparado para subir nada, pero tamén penso que non pasa nada, cada quen vai ao seu ritmo. Para min o importante é que polo menos o galego xa non me soa tan estraño na boca, e iso xa é unha mellora bastante grande.

Non prometo nada, pero quizais, se me animo, faga unha publicación antes de que remate todo isto. Ou igual non, pero polo menos sei que dei pasos e que xa non me sinto tan lonxe do galego como antes. E iso, para min, xa conta algo.

Nicolás Rodríguez González